

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA DÉCIMA EDICIÓN DOS PREMIOS PROVINCIAIS Á XUVENTUDE, ANO 2026

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, convoca anualmente os Premios Provinciais á Xuventude coa finalidade de promover o talento e o potencial da mocidade da nosa provincia. Desta forma preténdese estimular e recoñecer a traxectoria, o esforzo e o compromiso daquelas mozas e mozos que desenvolven un labor relevante nos distintos ámbitos obxecto desta convocatoria.

Así, a institución provincial, consciente da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos excepcionais baseados no esforzo da xuventude da provincia, convoca a oitava edición destes premios, xa asentados, como demostra o aumento da participación ao longo das últimas edicións, con máis de cen iniciativas na anterior convocatoria.

Estes datos amosan o interese público da iniciativa e referendan o compromiso deste organismo de lle prestar apoio á xuventude e fomentar que se continúe poñendo en valor tamén o seu compromiso coa cultura, coas ciencias, coas investigacións, coa iniciativa empresarial, coas artes ou coa loita contra o cambio climático.

A convocatoria dos premios supón o exercicio por parte da Deputación dunha actividade de promoción sociocultural da mocidade a través da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo co previsto no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta liña, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Do mesmo xeito, no artigo 118.d desta mesma lei dispónse que é competencia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura; neste senso, convócanse estes premios co fin de promover a participación da xuventude da provincia de Pontevedra.

Pola súa banda, a Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para cumprir eficazmente os fins económicos e sociais que lles son propios e potenciar a súa presenza, crecemento e influencia en todos os ámbitos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.



Por todo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria pola que se rexen as solicitudes de participación na décima edición dos Premios Provinciais á Xuventude, que teñen como fin promover e apoiar o talento e potencial da mocidade, nas categorías recollidas na base segunda.

A participación nesta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.

Segunda. Categorías e premios

Os premios que se convocan están dotados cun importe total de trinta e seis mil euros (36.000 €), que, segundo a categoría, se distribuirán do seguinte xeito:

1. Iniciativas xuvenís: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

2. Iniciativa empresarial: 4.000 euros

- Primeiro premio: 2.000 euros
- Segundo premio: 1.250 euros
- Terceiro premio: 750 euros

3. Educación en valores: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros



Nesta categoría o importe do galardón deberá destinarse na súa totalidade á adquisición de material, a saídas educativas, a proxectos escolares, a bolsas para o alumnado ou calquera outra actividade que teña relación directa coa programación do centro.

4. Investigación: 8.000 euros

4.1. Ciencias, arquitectura e enxeñería: 4.000 euros

- Primeiro premio: 2.000 euros
- Segundo premio: 1.250 euros
- Terceiro premio: 750 euros

4.2. Artes, humanidades e ciencias sociais e xurídicas: 4.000 euros

- Primeiro premio: 2.000 euros
- Segundo premio: 1.250 euros
- Terceiro premio: 750 euros

5. Contido audiovisual: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

6. Traballo musical: 4.000 euros

6.1. Música clásica: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

6.2. Outros xéneros: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

7. Traballo literario breve: 4.000 euros

7.1. Narrativa: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros



7.2. Poesía: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

8. Banda deseñada: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

9. Fotografía orixinal: 4.000 euros

9.1. Serie fotográfica: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

9.2. Fotografía: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

10. Deseño e moda: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

11. Iniciativas xuvenís dos concellos: 2.000 euros

- Primeiro premio: 1.000 euros
- Segundo premio: 600 euros
- Terceiro premio: 400 euros

Nesta categoría o importe do galardón deberá destinarse na súa totalidade á adquisición de material, á organización de actividades para a xuventude ou a calquera outro concepto que teña relación directa coa programación para as mozas e os mozos do concello.



Terceira. Persoas destinatarias e requisitos

3.1. Sen prexuízo do establecido nas bases específicas de cada categoría, poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos detallados a continuación para cada categoría:

a) Categorias 4 (investigación), 7 (traballo literario breve), 8 (banda deseñada), 9 (fotografía orixinal) e 10 (deseño e moda). Unicamente poden participar:

- **Persoas físicas:** mozas e mozos de entre 15 e 35 anos empadroados nalgún concello da provincia de Pontevedra.

b) Categoría 1 (iniciativas xuvenís). Está dirixida a:

- **Persoas físicas:** mozas e mozos de entre 15 e 35 anos empadroados nalgún concello da provincia de Pontevedra.
- **Grupos informais:** integrados por un mínimo de dúas e un máximo de oito persoas. Polo menos, o 75 % destas deberán ter entre 15 e 35 anos e estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra.
- **Asociacións estudiantís:** legalmente constituídas e inscritas no rexistro de entidades correspondente, con sede social nalgún concello da provincia de Pontevedra. Como mínimo o 75 % das persoas que desenvolvan o proxecto deberán ter entre 15 e 35 anos.
- **Asociacións xuvenís:** entidades sen ánimo de lucro, non sometidas a ningún réxime asociativo específico, con sede social ou delegación na provincia de Pontevedra. Como mínimo o 75 % das persoas que desenvolvan o proxecto social deberán ter entre 15 e 35 anos. Deberán acreditar a súa inscrición no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia ou en calquera outro rexistro oficial específico para entidades xuvenís.

c) Categoría 2 (iniciativa empresarial). Está dirixida a:

- **Persoas físicas:** mozas e mozos de entre 15 e 35 anos empadroados nalgún concello da provincia de Pontevedra. Deberán estar dados de alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos (RETA) cunha antigüidade mínima dun mes respecto da data de publicación destas bases.



- **Persoas xurídicas:** deberán ter a sede social na provincia de Pontevedra, legalmente constituídas e inscritas no rexistro público correspondente; a súa actividade levar en funcionamento, como mínimo, un mes no momento da convocatoria; e o 75 % dos membros, polo menos, da súa xunta directiva ou das administradoras ter entre 15 e 35 anos.

d) Categoría 3 (educación en valores). Unicamente poden participar:

- **Centros públicos de ensino** da provincia de Pontevedra en cuxos proxectos participen alumnas e alumnos con idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos.

e) Categoría 5 (contido audiovisual). Está dirixida a:

- **Persoas físicas:** mozas e mozos de entre 15 e 35 anos empadroados nalgún concello da provincia de Pontevedra.
- **Grupos informais:** integrados por un mínimo de dúas e un máximo de oito persoas. Polo menos o 75 % destas deberán ter entre 15 e 35 anos e estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra.

f) Categoría 6 (traballo musical). Está dirixida a:

- **Persoas físicas:** mozas e mozos de entre 15 e 35 anos empadroados nalgún concello da provincia de Pontevedra.
- **Grupos musicais:** polo menos o 75 % das persoas integrantes deberán ter entre 15 e 35 anos e estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra.

g) Categoría 11 (iniciativas xuvenís dos concellos). Está dirixida a:

- **Concellos da provincia de Pontevedra:** con ou sen oficina municipal de información xuvenil (OMIX) que desenvolvan iniciativas innovadoras dirixidas á mocidade.

Cuarta. Financiamento

A contía consignada para estes premios ascende a trinta e seis mil (36.000 €) euros, con cargo á aplicación 26/233.2310.480.01 do Orzamento provincial, e cincocentos (500 €) euros en concepto de gastos de desprazamento para os membros do xurado, con cargo á aplicación 26/233.2310.232.03.

Quinta. Prazo, lugar e requisitos de presentación de solicitudes

5.1. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).



5.2. As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos, mediante o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación electrónica das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que permite a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (usuario e contrasinal) e certificados electrónicos cualificados, incluído o DNI electrónico.

As persoas físicas e entidades non obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), poderán optar pola presentación presencial da solicitude en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, empregando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Unha vez cuberto o formulario, xerárase en formato PDF, que deberá imprimirse, asinarse e presentarse presencialmente.

As persoas e entidades obrigadas a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, conforme o artigo 14.2 da LPACAP, deberán presentar a solicitude e a documentación complementaria exclusivamente por medios electrónicos, e non será válida a presentación presencial.

En caso de que algunha persoa ou entidade obrigada á relación electrónica presentase a solicitude ou a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle que a emende mediante a súa presentación electrónica, e considerárase como data de presentación aquela en que se efectúe a emenda.

5.3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos datos e dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, esta institución poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinais para cotexalos coas copias achegadas pola persoa interesada.

5.4. A presentación das solicitudes de participación supón a aceptación incondicional destas bases.

5.5. O formulario incluírá un apartado no que se faga constar unha declaración responsable da persoa solicitante de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.



5.6. Só se admitirá unha solicitude por persoa en cada categoría. En caso de categorías que dispoñan de subcategorías, poderá presentarse unha solicitude en cada unha delas.

Sexta. Documentación complementaria

As persoas e entidades interesadas deberán achegar a seguinte documentación xunto coa solicitude:

6.1. Documentación xeral

- No caso de grupos e entidades, o anexo II (autorización para a comprobación de datos) debidamente cuberto e asinado por todas as persoas integrantes do grupo informal ou musical, así como por todos os membros do equipo directivo da persoa xurídica ou do equipo que desenvolva o proxecto da entidade.
- No seu caso, a acreditación da representación da persoa solicitante.
- O certificado de titularidade da conta bancaria na que se ingresaría o importe do premio, para o caso de resultar gañadores.

6.2. Documentación específica por categoría

6.2.1. Categoría 1 (iniciativas xuvenís). As asociacións estudiantís e xuvenís deberán achegar:

- Unha copia dos estatutos da entidade.
- A acreditación da súa inscrición no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia ou no rexistro oficial correspondente.

6.2.2. Categoría 2 (iniciativa empresarial). As persoas xurídicas deberán achegar a copia da escritura de constitución inscrita no rexistro mercantil ou no que corresponda.

Sétima. Comprobación de datos

7.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes.
- NIF das persoas representantes, no seu caso.
- Certificado de residencia das persoas físicas solicitantes.
- Domicilio fiscal, no caso das persoas xurídicas.
- Consulta da vida laboral dos últimos 12 meses para as persoas físicas que opten á categoría 2 (iniciativa empresarial).

7.2. Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.



7.3 Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

8.1. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén se poderán tramitar de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, agás nos supostos do artigo 14.3 da LPACAP.

8.2. A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, en cada caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

8.3. Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiríraselle á persoa interesada que, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicárselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

Novena. Presentación dos proxectos

Unha vez validada a solicitude de preinscrición polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, remitirase por correo electrónico o formulario de presentación do proxecto (anexo III), xunto coas instrucións detalladas para a súa presentación.



9.1. Presentación do proxecto nas categorías anónimas (6, 7, 8, 9 e 10)

Para garantir o anonimato e evitar calquera dato que poida identificar a autoría da candidatura, o proxecto entregárase nun sobre pechado xunto co formulario remitido para a presentación do proxecto (anexo III). O formulario incluíra o título deste, a categoría á que se opta e o código único asignado ao proxecto.

O devandito sobre pechado que contén o proxecto presentárase en calquera oficina con funcións de rexistro da Deputación de Pontevedra (Rexistro Xeral da institución en Pontevedra, rexistro da Sede de Vigo ou oficinas do ORAL). A relación destas oficinas pode consultarse no enderezo <https://www.depo.gal/es/oficinas-de-rexistro>).

O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra será o encargado de custodiar a correspondencia entre os datos da persoa participante e o código único de preinscrición ata que se coñeza o ditame do xurado, co que se garante a imparcialidade na avaliación.

9.2. Presentación do proxecto nas categorías non anónimas (1, 2, 3, 4, 5 e 11)

A presentación do proxecto realizarase preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo incluído no apartado 2887054 "Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude: Achega de documentación separada da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>, xunto co formulario remitido para a presentación do proxecto (anexo III).

Opcionalmente, poderá presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, sempre que o solicitante non estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, segundo o disposto no artigo 14.3 da LPACAP.

9.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación dos proxectos rematará o 21 agosto de 2026.

Décima. Características dos proxectos

10.1. Orixinalidade e autoría

Os proxectos ou traballos presentados deben ser orixinais, sen ser copiados, reproducidos nin plaxiados total ou parcialmente. Non se admiten versións ou reinterpretacións doutras obras.

Os proxectos presentados ás categorías de traballo musical, traballo literario breve, banda deseñada e fotografía orixinal deben ser inéditos, é dicir, non publicados ou dados a coñecer ao público previamente.



As persoas participantes eximen a institución provincial de toda responsabilidade derivada do plaxio ou calquera outra infracción da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual na que poidan incurrir.

10.2. Idioma dos proxectos presentados

Na redacción dos proxectos ou traballos poderá empregarse calquera idioma. Aqueles que non estean redactados nunha lingua cooficial da Comunidade Autónoma de Galicia deberán achegarse xunto cunha tradución ao galego ou ao castelán.

10.3. Normas de participación e formato

Un mesmo proxecto non pode optar a máis dunha categoría. De facelo, será automaticamente excluído de ambas.

Os proxectos axustaranse ao disposto nas bases específicas de cada categoría.

10.4. Requisito de anonimato

Os proxectos das categorías 6, 7, 8, 9 e 10 deben presentarse de forma totalmente anónima. Non se permiten sinaturas, ligazóns a redes sociais, referencias, marcas ou calquera outro dato que poida identificar á persoa ou grupo participante.

O resto de categorías (1, 2, 3, 4, 5 e 11) están exentas deste requisito.

Décimo primeira. Proxectos excluídos

Quedarán excluídos do concurso os proxectos seguintes:

- Os que sexan presentados por persoas que non cumpran os requisitos establecidos na base terceira.
- Os que non cumpran os requisitos establecidos nas bases xerais e específicas da súa categoría.
- Os que non sexan orixinais e, no seu caso, inéditos.
- Os que se presenten fóra de prazo.
- Os que deban ser anónimos e conteñan algunha sinatura, dato ou referencia que permita identificar a súa autoría.
- Os que xa fosen presentados en edicións anteriores dos Premios Provinciais á Xuventude.
- Os que fosen premiados noutros concursos ou certames convocados pola Deputación de Pontevedra.
- Os que sexan presentados a máis dunha categoría.



Décimo segunda. Xurado

12.1. A selección e concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse a proposta dun xurado nomeado polo presidente da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

12.2. O xurado estará integrado por representantes da Deputación e por profesionais externas e externos en cada unha das categorías dos premios, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

12.3. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos traballos presentados ao concurso reúne os méritos suficientes para ser galardoado. Así mesmo, tamén poderá declarar que se outorguen premios *ex aequo* e dividir o importe correspondente entre os proxectos gañadores, salvo que se poidan destinar remanentes doutras categorías que quedasen desertas.

12.4. Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes. Esta composición farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) tras rematar o prazo de presentación de proxectos.

12.5. Os membros do xurado percibirán os gastos de desprazamento que legalmente lles puidesen corresponder, se así o solicitan, os cales se estiman nun total de cincocentos euros (500 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.232.03.

12.6. As decisións do xurado son inapelables.

12.7. Unha vez revisadas as solicitudes por parte do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, as que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non se admitirán a trámite, e ditarase a oportuna resolución.

Os proxectos das solicitudes que cumpran os requisitos e sexan admitidas remitiránse ao xurado nomeado en cada categoría, que examinará e valorará as diferentes obras, propoñerá a adxudicación dos premios e redactará a proposta de resolución, a cal se recollerá nunha acta.

Décimo terceira. Resolución

A resolución derivada da decisión do xurado publicarase no BOPPO, na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) e na BDNS, unha vez entregados os premios.



Décimo cuarta. Gala de entrega de premios

A Deputación comunicaralles a todas as persoas autoras dos proxectos presentados a data e a hora do acto público no que se anunciarán os proxectos gañadores e se entregarán os premios. As persoas candidatas poderán asistir ou designar a alguén para que as represente, en caso de que non puidesen acudir ao acto.

O evento terá lugar no último trimestre de 2026.

Décimo quinta. Proxectos premiados

15.1. Coa presentación do seu proxecto, as persoas participantes aceptan colaborar coa Deputación de Pontevedra nas accións de difusión que se organicen. Así mesmo, ceden os dereitos de edición e autorizan a Deputación para expoñer, reproducir ou publicar as imaxes e contidos das obras por calquera medio, sen máis limitacións que as establecidas pola Lei de propiedade intelectual. A Deputación comprométese a facer constar sempre a autoría dos traballos.

15.2. Unha vez publicada a resolución derivada da decisión do xurado, tramitarase o recoñecemento da obriga e a orde de pago dos premios. Para iso, as persoas premiadas deberán achegar, previamente, unha declaración responsable (anexo IV) de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra. De acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, aos premios concedidos a persoas físicas aplicaráselles unha retención do 15 % do seu importe.

En caso de que a persoa premiada sexa menor de idade, a nai, pai ou titor legal deberá autorizar expresamente a Deputación a realizar o pago do premio.

Décimo sexta. Devolución dos proxectos

A devolución dos proxectos presentados efectuarase a petición das súas autoras ou autores ou das persoas debidamente autorizadas. O prazo máximo para a súa recollida é de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución derivada da decisión do xurado.

Para retirar os proxectos, as persoas interesadas deberán acreditar a súa identidade mediante a presentación do DNI ou NIE. Se a recollida a realiza unha terceira persoa, esta deberá presentar unha autorización debidamente asinada da persoa solicitante.

Transcorrido o prazo establecido sen que os proxectos fosen recollidos, entenderase que as persoas autoras renuncian á súa devolución en favor da Deputación. A institución provincial poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.



Décimo sétima. Incumprimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes será motivo de exclusión inmediata do proxecto presentado. Se a falsidade se puxese de manifesto tras a resolución do concurso, o galardón obtido quedará sen efecto. Neste caso, a persoa indebidamente premiada terá a obriga de reintegrarlle á Deputación o importe recibido, xunto cos xuros legais correspondentes desde a percepción do premio ata a súa devolución completa.

Décimo oitava. Interpretación das bases

O Servizo de Xuventude e Reto Demográfico será o encargado de resolver calquera dúbida sobre a interpretación das bases. Para todas aquelas cuestións non previstas, o xurado estará facultado para resolvelas e adoptar os acordos que estime necesarios.

Décimo novena. Autorización para a difusión de imaxes

As persoas solicitantes deberán marcar no cadro habilitado no formulario de solicitude se autorizan ou denegan expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar no acto de entrega dos premios, que a Deputación de Pontevedra poderá empregar para noticias contidas en publicacións ou xornais e para divulgar o programa tanto nos seus portais web coma nas súas redes sociais, co fin de lograr a difusión efectiva deste para as vindeiras convocatorias.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



BASES ESPECÍFICAS

Primeira. Iniciativas xuvenís

1.1. Requisitos do proxecto

As iniciativas deben enmarcarse nun dos seguintes ámbitos:

- Científico: proxectos de desenvolvemento tecnolóxico, robótica, programación, creación de aplicacións ou de investigacións científicas, entre outros.
- Ambiental: iniciativas enfocadas na sostibilidade, na conservación da natureza, na reciclaxe, nas enerxías renovables ou na educación ambiental, entre outras.
- Social: proxectos de voluntariado, fomento da igualdade ou da inclusión, entre outras.
- Artístico e cultural: creacións artísticas, proxectos musicais, teatrais, cinematográficos ou de preservación do patrimonio cultural, entre outros.
- Deportivo: iniciativas para a promoción do deporte, a organización de eventos ou para o fomento de hábitos de vida saudables, entre outras.

Admitiranse proxectos que estean en fase de desenvolvemento e execución, así como aqueles que finalizasen no ano 2025 ou 2026.

1.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar unha memoria descritiva da iniciativa en formato PDF. A memoria terá unha extensión máxima de 10 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:

- Nome da iniciativa.
- Nome da persoa, grupo informal ou asociación promotora.
- Data de inicio e de fin, no seu caso.
- Descrición, obxecto e fundamentos do proxecto.
- Impacto e interese técnico do proxecto no ámbito local, provincial, autonómico, nacional ou internacional.
- Logros e recoñecementos.
- Colaboracións con outras persoas, grupos ou entidades.
- Estado actual do proxecto e perspectivas de futuro.
- Fotografías, no seu caso.



1.3. Criterios de valoración

O xurado valorará os proxectos baseándose nos seguintes aspectos:

- Carácter innovador e orixinalidade da iniciativa.
- Impacto e contribución social.
- Coordinación e colaboración con outras disciplinas e actividades.
- Logros alcanzados e relevancia dos recoñecementos obtidos.
- Viabilidade e perspectivas de futuro do proxecto.
- Apoio e experiencia de profesionais que colaboran coa iniciativa.

Segunda. Iniciativa empresarial

2.1. Requisitos do proxecto

Esta categoría está dirixida a proxectos empresariais ou empresas de recente creación. En todo caso, o proxecto deberá levar en funcionamento, como mínimo, un mes na data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

2.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar unha memoria descritiva da iniciativa empresarial posta en marcha en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:

- Nome da empresa ou do proxecto empresarial.
- Data de constitución ou de creación.
- Descrición da actividade empresarial.
- Descrición dos produtos ou servizos ofertados.
- Resultados obtidos ou primeiros datos de facturación.
- Relación das evidencias achegadas (fotografías, recortes de prensa ou outros documentos).

2.3. Criterios de valoración

O xurado valorará os proxectos baseándose nos seguintes aspectos:

- Claridade, concreción e innovación da iniciativa.
- Proxección e impacto social.
- Medidas implementadas para promover a igualdade de xénero, a inclusión e a conciliación laboral e familiar.
- Contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Grao de dixitalización do proxecto.



Terceira. Educación en valores

3.1. Requisitos do proxecto

Esta categoría está dirixida a proxectos e iniciativas de educación en valores executados durante os cursos escolares 2024-2025 ou 2025-2026. Os proxectos deben ter como finalidade a promoción de valores entre a xuventude e que fomenten o seu compromiso social, a convivencia, a formación e o pensamento crítico. Isto inclúe de forma específica proxectos relacionados coas seguintes liñas temáticas:

- A promoción da igualdade entre mulleres e homes.
- A prevención de calquera tipo de violencia (incluída a violencia de xénero, o acoso escolar e o ciberacoso) e a resolución pacífica dos conflitos.
- A loita contra o cambio climático, a contaminación e a promoción da sostibilidade ambiental.

3.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar unha memoria descritiva do proxecto en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:

- Nome do proxecto.
- Centro educativo no que se desenvolve e nome do persoal docente responsable.
- Número de alumnas e alumnos implicados e curso académico.
- Data de inicio e finalización do proxecto.
- Xustificación conceptual e obxectivos xerais e específicos da iniciativa.
- Descrición detallada do proxecto.
- Resultados obtidos, avaliación e impacto do proxecto na comunidade educativa.
- De tratarse dun proxecto audiovisual, dirección electrónica do contido (URL).
- Relación das evidencias achegadas (fotografías, recortes de prensa ou outros documentos).

3.3. Criterios de valoración

O xurado valorará os proxectos baseándose nos seguintes aspectos:

- Contribución á promoción de valores entre a xuventude.
- Claridade, concreción, creatividade e innovación na proposta.
- Metodoloxía e materiais empregados.
- Implementación de medidas de loita contra o cambio climático e a contaminación, así como a súa coherencia coa difusión dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Participación e implicación activa do alumnado.



Cuarta. Investigación

4.1. Requisitos do proxecto

Esta categoría está dirixida a proxectos de investigación no ámbito das ciencias e humanidades realizados en centros de investigación ou universidades de Galicia.

Os proxectos agruparanse nas seguintes subcategorías:

- a) Ciencias, arquitectura e enxeñería.
- b) Artes, humanidades e ciencias sociais e xurídicas.

Admitiranse tanto traballos xa rematados (incluídos os de fin de grao e fin de máster que fosen presentados e publicados) coma proxectos en fase de investigación avanzada.

4.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar:

- o O proxecto.
- o Unha memoria descritiva en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:
 - Nome do proxecto de investigación.
 - Autoría.
 - Data de inicio e de finalización, no seu caso.
 - Data de publicación, se procede.
 - Obxecto e fundamentos do contido.

4.3. Criterios de valoración

O xurado valorará os proxectos baseándose nos seguintes aspectos:

- Innovación e orixinalidade da proposta.
- Relevancia científica e contribución ao avance do coñecemento no seu campo.
- Claridade e coherencia dos obxectivos e da proposta científica.
- Metodoloxía de traballo e coñecemento das fontes de datos.
- Proxección e relevancia social, humana ou patrimonial do proxecto.
- Previsión de difusión dos resultados.
- Vinculación cos sectores estratéxicos produtivos da comunidade.



Quinta. Contido audiovisual

5.1. Requisitos do proxecto

Esta categoría está dirixida a proxectos audiovisuais participativos e con actualización frecuente. Deben ter un mínimo de dez entradas publicadas e o seu obxectivo principal debe ser algún dos seguintes:

- Promover a educación en valores, a formación e a transmisión de coñecemento.
- Difundir iniciativas de carácter social, cultural ou deportivo ou proxectos de voluntariado.
- Impulsar medidas que promovan a igualdade de xénero.

5.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar unha memoria descritiva do proxecto posto en marcha, en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:

- Nome do proxecto.
- Autoría.
- Data de inicio e creación.
- Dirección electrónica do contido (URL).
- Data da primeira publicación.
- Número de entradas publicadas.
- Idioma.
- Obxecto e fundamentos do contido.
- Descrición das ferramentas 2.0 empregadas.

5.3. Criterios de valoración

O xurado valorará os proxectos baseándose nos seguintes aspectos:

- Orixinalidade dos temas.
- Claridade dos contidos.
- Impacto social.
- Implicación na promoción da igualdade, educación en valores, formación, asesoramento, actividades de voluntariado, culturais e deportivas dirixidas á xuventude.
- Frecuencia e regularidade das actualizacións e publicacións.



Sexta. Traballo musical

6.1. Requisitos da obra

Cada candidatura deberá presentar unha única peza musical orixinal, de composición e interpretación propia. A obra terá unha duración mínima dun minuto e máxima de cinco. En caso de que a peza exceda o tempo máximo establecido poderase presentar un fragmento desta adaptado á duración esixida. A peza pode ser instrumental ou incluír letra en calquera idioma.

As obras agruparanse nas seguintes subcategorías:

- a) Música clásica.
- b) Outros xéneros.

6.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar en soporte USB:

- o A obra musical en formato MP3.
- o Unha memoria descritiva en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:
 - Data de creación.
 - Estilo musical.
 - Letra, no seu caso.
 - Instrumentos musicais empregados.
 - Breve xustificación conceptual da obra.
 - Descrición da formación e experiencia musical da persoa autora ou do grupo (na que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación).

6.3. Criterios de valoración

O xurado valorará as obras baseándose nos seguintes aspectos:

- Orixinalidade.
- Calidade da composición e da letra.
- Traballo de composición.
- Calidade da interpretación.

Sétima. Traballo literario breve

7.1. Requisitos da obra

Cada candidatura deberá presentar unha obra de temática e estilo libres, escrita en galego ou castelán, que cumpra o seguinte:

- Extensión: a obra debe ter un mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas.



- Formato: debe utilizarse a fonte de letra Times New Roman en tamaño 12, cun entreliñado de 1,5 e marxes de 2 cm (superior, inferior, dereita e esquerda).

As obras agruparanse nas seguintes subcategorías:

- a) Narrativa.
- b) Poesía.

7.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar en soporte USB:

- o A obra en formato PDF.
- o Unha memoria descritiva en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 2 páxinas e, como mínimo, o seguinte contido:
 - Título da obra.
 - Data de creación.
 - Xénero literario: narrativa ou poesía.
 - Estilo literario.
 - Temática.
 - Breve xustificación conceptual da obra.
 - Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (na que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación).

7.3. Criterios de valoración

O xurado valorará as obras baseándose nos seguintes aspectos:

- Corrección: o uso adecuado da ortografía e da gramática.
- Recursos literarios: a utilización efectiva de figuras retóricas e literarias.
- Calidade e orixinalidade da temática.

Oitava. Banda deseñada

8.1. Requisitos da obra

Cada candidatura deberá presentar unha obra con temática e estilo libres, que pode ser en cor ou en branco e negro, con ou sen textos, e en galego ou castelán. A obra terá unha extensión mínima de dúas páxinas e un máximo de cinco, que deberán estar numeradas.

8.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar, en soporte USB:

- o A obra en formato PDF, JPG ou PNG.



- Unha memoria descritiva en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 2 páxinas e, como mínimo, o seguinte contido:
 - Título da obra.
 - Data de creación.
 - Idioma.
 - Técnicas de deseño empregadas.
 - Breve xustificación conceptual da obra, que permita valorar o proceso creativo de forma obxectiva.
 - Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (na que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación).

8.3. Criterios de valoración

O xurado valorará as obras baseándose nos seguintes aspectos:

- Calidade e orixinalidade da temática e dos deseños.
- Técnicas de deseño empregadas.

Novena. Fotografía orixinal

9.1. Requisitos do proxecto

Cada candidatura deberá presentar unha proposta fotográfica orixinal e inédita, de temática libre, que pode ser en cor ou en branco e negro. A obra pode ser creada con cámara dixital ou mediante sistemas tradicionais. Está permitido o uso de calquera técnica fotográfica.

Non se admitirán:

- Composicións fotográficas ou montaxes.
- Fotografías tomadas con dispositivos móbiles.

As obras agruparanse nas seguintes subcategorías:

- a) Serie fotográfica: un conxunto de entre tres e dez fotografías que estean relacionadas entre si.
- b) Fotografía orixinal: unha única fotografía.

9.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar en soporte USB:

- O proxecto fotográfico en formato JPG ou PNG. A resolución mínima da fotografía ou fotografías será de 300 ppp. Os arquivos non poden conter datos EXIF (Exchangeable Image File Format).



- Unha memoria descritiva en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 2 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:
 - Título da obra.
 - Relación numerada de fotografías, no seu caso.
 - Data de realización.
 - Técnica e equipamento fotográfico empregados.
 - Dimensións orixinais.
 - Xustificación conceptual da obra, que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva.
 - Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (na que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación).

9.3. Criterios de valoración

O xurado valorará as obras baseándose nos seguintes aspectos:

- A calidade técnica e estética da fotografía.
- A composición.
- A adecuación da imaxe á temática.
- A orixinalidade da proposta.

Décima. Deseño e moda

10.1. Requisitos do proxecto

Cada candidatura deberá presentar un proxecto de deseño nalgunha das seguintes disciplinas: artesanía, xoiaría, téxtil e complementos de moda, mobiliario ou deseño industrial. O proxecto pode ser dun único elemento ou dunha colección de ata cinco elementos relacionados entre si.

10.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar en soporte USB:

- O proxecto en formato PDF, JPG ou PNG. Deberá conter bosquexos orixinais e, no seu caso, fotografías do elemento ou dos elementos resultantes.
- Unha memoria descritiva en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 2 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:
 - Título do proxecto ou nome da colección.
 - Relación numerada dos bosquexos e fotografías, no caso de coleccións.
 - Data de realización.
 - Descrición do proxecto: estilo, influencias e resultados.
 - Técnicas e equipamento empregados.



- Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (na que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación).

10.3. Criterios de valoración

O xurado valorará as obras baseándose nos seguintes aspectos:

- A creatividade, orixinalidade e calidade artística e técnica da proposta.
- As técnicas empregadas e a innovación nos materiais.
- A coherencia coa inspiración ou concepto do traballo.
- A cohesión e completión da proposta.

Décimo primeira. Iniciativas xuvenís dos concellos

11.1. Requisitos do proxecto

Esta categoría está dirixida a iniciativas impulsadas por concellos e enfocadas especificamente na xuventude. Admitiranse os proxectos levados a cabo durante o ano 2025 ou no 2026, sen importar se foi a súa primeira edición ou non.

11.2. Formato e entrega

Cada candidatura deberá presentar unha memoria descritiva da iniciativa en formato PDF, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas e incluírá, como mínimo, o seguinte contido:

- Nome da iniciativa.
- Concello no que se desenvolve e órgano ou servizo impulsor.
- Data de inicio e de finalización.
- Descrición das persoas beneficiarias.
- Fundamentos e obxectivos.
- Descrición detallada da iniciativa e metodoloxía empregada para a súa execución.
- Resultados obtidos e indicadores de avaliación do éxito do proxecto.
- Relación das evidencias achegadas (fotografías, recortes de prensa ou outros documentos).

11.3. Criterios de valoración

O xurado valorará os proxectos baseándose nos seguintes aspectos:

- Orixinalidade e innovación do proxecto.
- Claridade do seu contido.
- Impacto social na súa contorna.
- Contribución á mellora das condicións ou oportunidades da xuventude.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

